

DINAMIZANDO O LOCAL DESDE O COOPERATIVISMO

XOVES 15 DE DECEMBRO 2022
CENTRO ÁGORA DA CORUÑA · 10 H



PROGRAMA

10.00 h | **Benvida institucional**

Alcaldía do Concello da Coruña
e presidencia da Unión de Cooperativas EspazoCoop

10.10 h | **Relatorio marco:**

“O cooperativismo e a economía social e solidaria
como ferramenta transformadora no ámbito local”

Ana Olveira, Abeluria

11.00 h | **Pitch Elevator:**

“Coñecemos as cooperativas da área da Coruña”

5Opés Consultoras, Mala Herba Producións e Alén

11.05 h | **Encontro | Intercooperación das cooperativas do municipio da Coruña**

11.05 h | Relatorio: “Ferramentas e recursos para o emprendemento
e a consolidación das cooperativas”

Patane García (EspazoCoop), Antón Insúa (Coop57) e Aitor Novo (Aventeira)

12.00 h | **Pausa-café**

12.30 h | **Mesa de experiencias**

Arabías, Hábitat Social, Ítica Software Libre, Simbiosis e Zocamiñoa

13.30 h | **Mostra de actividades**

Laboratorio Escénico

14.00 h | **Remate da xornada**

DOSSIER DAS ENTIDADES PARTICIPANTES

PITCH ELEVATOR

50pés Consultoras

Cooperativa constituída en 2022 orientada ao acompañamento, asesoramento e formación en materia económica organizativa e de traballo en equipo. Dende unha perspectiva personalizada, integral, social e feminista, ofrece facilitación económica e grupal a proxectos empresariais ou sociais, para axudar ao seu éxito.

Web: <https://50pesconsultoras.com/>

Alén

Cooperativa con sede en Oleiros centrada na consultoría, divulgación e formación no eido da economía circular e a sustentabilidade. Con este fin, ofrece servizos de diagnose, desenvolvemento de estratexias, xestión e medición de impacto á Administración, PEMEs, grandes empresas e outro tipo de entidades co fin de acompañalas na transición cara a un modelo sostible.

Web: <https://alenlab.com/>

Mala Herba Producións

Cooperativa xuvenil nada en 2022 na Escola de Imaxe e Son da Coruña dedicada á produción e elaboración de contidos audiovisuais, así como ao deseño dixital e ao marketing.

Web: <https://malaherbaproductions.com>

MESA DE EXPERIENCIAS

Arabías

Cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro creada no ano 2018. Cun equipo interdisciplinar e desde unha perspectiva feminista, traballan no eido da formación, a consultoría, a coeducación, a intervención social e o desenvolvemento e mediación comunitaria. O seu obxectivo é deseñar e dinamizar procesos para a transformación social co obxectivo de contribuír ao avance da igualdade de xénero e á erradicación das violencias machistas.

Web: <https://arabias.org/>

Hábitat Social

Cooperativa constituída en 2012 especializada na intervención do hábitat con servizos no eido do urbanismo, a arquitectura e a intervención comunitaria. O seu obxectivo é mellorar as relacións entre as persoas e destas co medio, natural ou construído.

Web: <https://www.habitatsocial.coop>

Ítaca Software Libre

Constituída en 2013, ofrece servizos de consultoría e asesoramento informático, desenvolvemento web, software de xestión e a medida, a todo tipo de empresas e organizacións desde a aposta por un modelo de desenvolvemento tecnolóxico sostible, responsable e ético.

Web: <https://itacaswl.com/web/>

Simbiosis

Cooperativa de traballo asociado constituída en 2012 dedicada a prestar servizos profesionais integrais ás empresas do sector de alimentación e á comercialización de produtos ecolóxicos. O seu obxectivo é dar a coñecer e promover o consumo de produtos ecolóxicos a través do deseño e desenvolvemento de campañas, así como da realización de accións de animación no punto de venda.

Web: <https://www.cooperativasimbiosis.com>

Zocamiñoa

Cooperativa de consumo sen ánimo de lucro constituída en 2009 e integrada por máis de 150 consumidoras e usuarias que busca promover o consumo xusto, consciente e responsable, a soberanía alimentaria e a ecoloxía social. Con este fin, desenvolve actividades de sensibilización e ten unha tenda de venda ao público na cidade da Coruña, na que se poden atopar produtos de alimentación ecolóxicos e de proximidade.

Web: <https://zocaminhoca.gal/web/>

MOSTRA DE ACTIVIDADES

Laboratorio Escénico

Cooperativa constituída no 2019 co obxectivo de crear un espazo de formación, creación, investigación e desenvolvemento da artes escénicas en A Coruña. O Centro de Artes Laboratorio Escénico Coop conta con formación en danza, teatro e música para todas as idades e niveis e funciona sede de creación e encontro multidisciplinar para as profesionais deste campo na cidade.

Web: <https://laboratorioescenicocoop.com/>

UNIÓN DE COOPERATIVAS GALEGAS - ESPAZOCOOP

A **Unión de Cooperativas Espazocoop** é unha entidade multisectorial de carácter empresarial configurada como asociación sen ánimo de lucro que asocia a 235 empresas cooperativas e a 2.785 cooperativistas.

Integrada por cooperativas de distintas clases, presta servizo en toda a comunidade galega e ten abertas oficinas na Coruña, Santiago e Vigo.

Baseándose nos principios cooperativos e nos seus valores, ten como obxectivo: agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperavismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

Web: <https://espazo.coop/>

CONTACTO

Organiza e coordina: Unión de Cooperativas EspazoCoop

Contacto para a actividade: 7hcoop@7hcoop.gal - 665215031